

ORDE DO 22 DE ABRIL DE 1997 POLA QUE SE REGULA O RÉXIME DE FUNCIONAMENTO DAS MUTUAS DE ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS DA SEGURIDADE SOCIAL NO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (BOE DO 24)

O artigo 68.2 da Lei Xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, regula o ámbito obxectivo ao que se estenden as funcións de xestión da Seguridade Social que desenvolven as Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social, comprendendo neste a xestión da cobertura dos accidentes de traballo e as enfermidades profesionais, así como a prevención destas continxencias.

O artigo 32 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, establece que as Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social poderán desenvolver para as empresas a elas asociadas as funcións correspondentes aos servicios de prevención. En desenvolvemento do precepto anterior, o Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servicios de Prevención, establece no seu artigo 22 que a actuación das Mutuas como servicios de prevención desenvolverase nas mesmas condicións que as aplicables aos servicios de prevención alleos, tendo en conta as prescricións contidas ao respecto na normativa específica aplicable ás ditas entidades.

As Mutuas, pola súa propia estrutura e composición, manteñen unha estreita relación cos empresarios que forman a súa base asociativa e cos correspondentes centros de traballo, situación que constitúe un vehículo idóneo para integrar nestes o novo enfoque preventivo establecido na Lei de Prevención de Riscos Laborais e favorecer o establecemento dunha nova cultura da prevención. Asemade, constitúen para os empresarios un medio especializado próximo, coa experiencia e coñecementos que ofrece a súa xestión das continxencias profesionais cubertas polo Sistema, do que obter asesoramento e apoio para coñecer e cumprir as súas obrigas de carácter preventivo esixidas por unha lexislación recente e de complexidade técnica.

Esta Orde ten por obxecto constituír a normativa específica que regule provisionalmente o funcionamento das Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social no desenvolvemento das funcións preventivas que teñen encomendadas, determinando o réxime de funcionamento complementario do establecido con carácter xeral, que lles permita a estas desenvolver, con carácter inmediato e urxente, as devanditas funcións, e incardinado no vixente sistema legal. As actividades preventivas desenvolvidas polas referidas Mutuas, tanto no que atinxe ás comprendidas na cobertura das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, como ás que realicen en canto servicios de prevención, estarán comprendidas dentro do control e seguimento da Comisión establecida para tal efecto en cada unha das ditas entidades, destacando así as súas funcións neste ámbito.

Na súa virtude, logo de informe previo da Comisión Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, en uso das atribucións conferidas pola disposición adicional primeira do Regulamento Xeral sobre colaboración na xestión das Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto 1993/1995, do 7 de decembro, e do establecido na normativa xeral contida na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, e no Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servicios de Prevención, tiven a ben dispoñer:

CAPÍTULO I

Normas comúns

Artigo 1.- *Obxecto.*

As Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social posúen unha única natureza e personalidade xurídicas, podendo desenvolver os seguintes tipos de actividades preventivas diferentes:

- a) Aquelas comprendidas na cobertura das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, de acordo co establecido no artigo 68.2 da Lei Xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.
- b) Aquelas actividades correspondentes ás funcións de servizos de prevención alleos respecto dos seus empresarios asociados, de acordo co establecido no artigo 32 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.

Artigo 2.- *Diferenciación das actividades.*

As Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social estarán obrigadas a manter debidamente diferenciadas ambas as actividades, de conformidade coas normas contidas nesta Orde e demais disposicións que resulten aplicables.

Malia o establecido no parágrafo anterior, as Mutuas poderán facer uso das instalacións e servizos a que se refire o artigo 13 do Regulamento Xeral sobre colaboración na xestión das Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto 1993/1995, do 7 decembro, dos recursos humanos dependentes destas e dos fondos a que se refiren os apartados 1 e 3 do artigo 66 do Regulamento Xeral citado, con suxeición ao réxime xurídico e económico que se establece nel e nesta Orde.

Artigo 3. *Incompatibilidades.*

As persoas físicas ou xurídicas que posúan algún cargo en calquera dos órganos de goberno e participación dunha Mutua ou desempeñen a dirección executiva non poderán ter vinculación ningunha con outro servizo de prevención distinto ao establecido pola Mutua ou por unha organización común ou asociativa na que esta participe, con excepción da vinculación das persoas que participen nos órganos rectores da Mutua que pertencen a empresas a aquelas asociadas e que tivesen constituído un servizo de prevención propio.

Artigo 4. *Comisión de Control e Seguimento.*

As actividades preventivas desenvolvidas polas Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social estarán sometidas ao control e seguimento da Comisión formada polos representantes dos empresarios e dos traballadores, regulada no artigo 37 do Regulamento Xeral sobre colaboración na xestión das Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto 1993/1995, do 7 de decembro.

CAPÍTULO II

Réxime das actividades preventivas comprendidas na cobertura das continxencias de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais

Artigo 5. Actividades.

De acordo co establecido no artigo 1.a), as Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social poderán desenvolver, ademais de aqueloutras actividades de alcance xeral non dirixidas expresamente a empresas concretas, tales como estudos, enquisas e estatísticas de sinistralidade, as seguintes actividades a prol dos seus empresarios asociados:

a) Análise e investigación das causas e factores determinantes dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

b) Promoción de accións preventivas nas empresas asociadas mediante a realización de campañas de sensibilización e educación preventiva, co fin de:

Fomentar o interese e cooperación na acción preventiva en todos os niveis xerárquicos da organización da empresa.

Promover comportamentos seguros e a correcta utilización de equipos de traballo e de protección colectiva e individual.

Promover actividades preventivas básicas, tales como a orde, a limpeza e o mantemento preventivo.

c) Asesoramento en materia preventiva mediante:

Posta a disposición de documentación básica relativa á lexislación aplicable, guías orientadoras, carteis, referencias bibliográficas, folletos e calquera outra información útil para estes fins.

Visitas aos centros de traballo co fin de orientar sobre as necesidades preventivas.

Atención de consultas.

Axudas para a realización polas empresas de avaliación de riscos e das actuacións preventivas que delas se deriven, así como para o control da eficacia da acción preventiva.

Orientación para a elaboración e implantación de planos e programas de prevención.

Orientacións en relación coas instrucións e información que a empresa está obrigada a subministrarlles aos seus traballadores.

d) Orientacións e contribución á formación e á actualización de coñecementos en materia preventiva, especialmente en relación con:

Análise de necesidades formativas.

Planos e programas formativos dirixidos aos traballadores.

e) Realización de xornadas e seminarios sobre actualización e posta ao día dos coñecementos en materia preventiva.

f) Capacitación dos empresarios co fin de poder asumir eles mesmos a actividade preventivas.

g) Divulgación da prevención, mediante accións axeitadas dirixidas, principalmente, aos directivos e responsables da actividade preventiva na empresa.

h) Aqueloutras actividades de carácter sanitario, tales como compañías de educación sanitaria, que impliquen unha mellora dos hábitos e actitudes para o traballo.

Estas actividades non implicarán atribución de dereitos subxectivos a favor dos empresarios asociados, nin eximirá a estes do cumprimento das súas obrigas en materia de prevención de riscos laborais.

Artigo 6. Plano de actividades preventivas.

1. As Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social deberán elaborar unha planificación das actividades de prevención de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais que recolla os obxectivos que alcanzar, os recursos destinados a estas e o control da efectividade de tales actividades, tendo en conta as directrices que en cada momento poida establecer, se é o caso, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e considerando as preferencias indicadas no apartado 2 deste artigo.

2. As actuacións das Mutuas, en relación co establecido no apartado anterior, deberán ser desenvolvidas preferentemente nas empresas de ata 50 traballadores. Neste segmento de empresas terán especial prioridade as de ata seis traballadores. Todo isto de acordo cos seguintes criterios:

a) Serán sectores e empresas de actuación prioritaria o sector da construción e as empresas que desenvolvan maioritariamente algunha das actividades incluídas no anexo I do Regulamento dos Servicios de Prevención, aprobado polo Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, así como aquelas cun índice de incidencia medio durante os tres anos anteriores que supere nun 30 por 100 ao do seu correspondente sector.

b) Así mesmo, poderán ter preferencia as actuacións en empresas ou sectores suxeitos a programas de actuación prioritaria establecidos para a Inspección de Traballo e Seguridade Social, pola Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo ou polos órganos tripartitos de participación das Comunidades Autónomas no seu ámbito territorial.

3. O plano da Mutua para actividades preventivas de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais deberá sinalar cales das comprendidas no artigo 5 desta Orde van ser desenvolvidas, especificando os sectores e o tamaño e número das empresas a que van dirixidas, así como o número de traballadores afectados por estas e se son obxecto de programas de actuacións prioritarias da Inspección de Traballo e Seguridade Social, da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo ou dos órganos tripartitos de participación das Comunidades Autónomas no seu ámbito territorial.

Para as actividades indicadas no parágrafo anterior deberanse sinalar no plano os medios económicos e materiais necesarios, os recursos humanos previstos, as previsións económicas para o financiamento do seu desenvolvemento e os programas orzamentarios aos que se imputará o custo destas.

4. As Mutuas presentarán, perante a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, xunto co anteproxecto de orzamentos de cada exercicio económico, o plano de actividades preventivas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais que se pretenda desenvolver no dito exercicio, debidamente priorizado, de xeito que a súa realización se poida axustar aos créditos orzamentarios que se aproben para a súa cobertura.

Así mesmo, durante o primeiro trimestre do ano seguinte a aquel en que se desenvolvese o plano de actividades preventivas a que se refire este artigo, as Mutuas deberanlle facilitar á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social información detallada sobre a aplicación do plano.

CAPÍTULO III

Funcionamento das Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social acreditadas como servicios de prevención

Artigo 7. Actuacións das Mutuas como Servicios de Prevención.

De conformidade co establecido no artigo 32 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais; no Regulamento dos Servicios de Prevención aprobado polo Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro; e nas demais concordantes, así como nesta Orde, as Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social poderán desenvolver, con carácter voluntario e para as empresas asociadas a estas, as funcións correspondentes aos servicios de prevención alleos.

As actividades que as Mutuas poderán desenvolver serán todas aquelas para as que habilite a pertinente acreditación e en especial as seguintes:

Avaliacións dos riscos laborais e verificación da eficacia da acción preventiva na empresa, incluíndo as medicións, tomas de mostras e análises necesarias para isto.

Elaboración e implantación de planos e programas de prevención.

Asistencia técnica para a adopción de medidas preventivas.

Elaboración ou implantación de planos de emerxencia.

Elaboración de planos e programas de formación.

Impartición da formación aos traballadores.

Aplicación de medidas concretas establecidas nas regulamentacións específicas.

Vixilancia da saúde dos traballadores que corresponda realizar en virtude da aplicación da Lei de Prevención de Riscos Laborais e das regulamentacións específicas que os afecten.

Artigo 8. *Acreditación.*

Para poder actuar como servicios de prevención, as Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social deberán ser obxecto de autorización pola autoridade laboral competente do lugar en que radiquen as súas instalacións principais, cumpridos os trámites e requisitos establecidos nos artigos 23 a 27 do Regulamento dos Servicios de Prevención, aprobado polo Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro.

Simultaneamente á presentación perante a autoridade laboral competente da solicitude e proxecto a que se refire o artigo 23 do Regulamento antes citado, as Mutuas deberán presentar copia destes perante a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, podendo utilizar, para tal efecto, calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Artigo 9. *Comunicación das resolucións de autorización provisional, definitiva ou de extinción da autorización concedida para actuar como servicios de prevención.*

As Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social deberán comunicarlle á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social as resolucións de autorización provisional e definitiva previstas nos artigos 25 e 26 do Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, indicando neste último caso os datos referidos ao grao de execución do proxecto presentado. Así mesmo, comunicarán as resolucións que declaren a extinción das autorizacións outorgadas a que se refire o artigo 27 deste Real Decreto, todo isto no prazo dos quince días seguintes á data en que estas, manifestadas de xeito expreso ou tácito, produzan os seus efectos.

Artigo 10. *Medios humanos e materiais.*

1. As Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social poderán utilizar os profesionais e empregados dependentes destas para o desenvolvemento das funcións como servicios de prevención. Nos casos en que dediquen persoal adscrito simultaneamente ás funcións de cobertura das continxencias e prestacións de Seguridade Social obxecto da súa xestión deberán imputar ás contas que soporten os gastos das actividades como servicios de prevención a contía equivalente ao custo da súa utilización na proporción que resulte da dedicación destes ás ditas actividades.

Velarase porque a organización das actividades prevencionistas das Mutuas non resulte desnaturalizada polo desempeño doutros cometidos atribuídos a estas.

2. A utilización para o desenvolvemento das funcións de Servicios de Prevención das instalacións e demais medios materiais que estean afectos ás funcións de xestión das continxencias e prestacións obxecto da acción protectora do Sistema da Seguridade Social determinará que se impute ás contas de gastos desta función a contía equivalente ao custo da súa utilización.

3. A utilización pola Mutua, na súa actividade como servicio de prevención, de medios dedicados á xestión das continxencias e prestacións da Seguridade Social non poderá ir en detrimento desta.

Cando a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social considere que o emprego simultáneo do persoal, as instalacións e demais medios materiais, dedicados a funcións de colaboración na xestión da

Seguridade Social e ás actividades como Servicio de Prevención alleo poida prexudicar a xestión das continxencias e prestacións profesionais, dispoñerá que presten, na medida que sexa necesario, os seus servizos para estas últimas.

A resolución que dispoña o cesamento na utilización de medios dictarase logo de incoación previa do oportuno expediente, a tramitación do cal ha de suxeitarse ás normas establecidas no título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sendo preceptivo o informe da Dirección Xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social. Esta resolución seralle comunicada á autoridade laboral que concedeu a autorización para actuar como servizo de prevención e á Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Artigo 11. *Formalización de concertos.*

As Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social non poderán desenvolver as funcións reguladas neste capítulo sen subscribiren previamente co empresario asociado o concerto a que se refire o artigo 20 do Regulamento dos Servizos de Prevención, no que se especificarán os requisitos establecidos neste.

O concerto fará constar a contraprestación económica aplicable polo prestación dos servizos, así como a forma e condicións de pagamento.

Artigo 12. *Réxime económico-financeiro.*

1. Os recursos económicos destinados a financiar as actividades que se regulan neste capítulo, e que son distintos ás cotas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, serán os seguintes:

a) As cantidades que se perciban polos concertos subscritos coas empresas asociadas receptoras dos servizos de prevención e daqueles outros servizos de prevención cos que resulte necesaria a colaboración, de conformidade co establecido no artigo 16 do Regulamento dos Servizos de Prevención aprobado polo Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro.

b) As cantidades procedentes do Fondo de Prevención e Rehabilitación a que se refire a disposición adicional décimo terceira da Lei de Prevención de Riscos Laborais, cunha contía que determinará o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais en función das dispoñibilidades existentes no mencionado Fondo e das necesidades que deban ser atendidas por este.

c) As cantidades procedentes das reservas voluntarias do servizo de prevención reguladas no artigo 13.2.

d) Os rendementos derivados da materialización da reserva de estabilización de servizos de prevención e das reservas voluntarias do servizo de prevención a que se refire o artigo 13.2.

e) Os outros ingresos que se puidesen orixinar e que sexan directa e inequivocamente atribuíbles a estas actividades.

f) Os rendementos derivados de calquera dos recursos anteriores.

2. Cos ingresos sinalados no apartado anterior as Mutuas farán fronte aos gastos que procedan para a cobertura dos seguintes custos:

- a) Os que correspondan pola utilización de bens e dereitos integrantes do patrimonio da Seguridade Social por calquera título.
- b) Os de persoal dedicado exclusivamente a esta actividade.
- c) Os imputados polo emprego de persoal da Mutua non dedicado exclusivamente a esta actividade.
- d) Os correspondentes aos servicios contratados de terceiros e os de adquisición de bens e servicios de utilización exclusiva e directa polos servicios de prevención e os que se deban imputar a estes últimos, como consecuencia da súa utilización compartida con outras funcións desenvolvidas pola entidade.
- e) Os demais gastos que sexan directa ou inequivocamente atribuíbles a estas actividades.

Artigo 13. *Contabilidade e resultados.*

1. O rexistro contable das actividades realizadas polas Mutuas como servicios de prevención realizarase de xeito que permita coñecer con precisión os resultados inherentes a tales actividades, por diferenza entre os ingresos atribuíbles a estas e os gastos directos ou imputados que deban soportar; a este propósito estableceranse os criterios e fórmulas técnicas para distribuír os custos dos efectivos humanos, bens, servicios ou subministracións utilizadas conxuntamente por varias actividades ou programas.

Para tal fin, de conformidade co establecido no artigo 151.3 da Lei Xeral Orzamentaria, a Intervención Xeral da Seguridade Social dictará as normas contables para facer efectiva a separación de resultados a que alude o parágrafo anterior.

2. O resultado económico que se obteña a consecuencia do desenvolvemento das actividades reguladas neste capítulo, no caso de ser positivo, destinarase a dotar unha reserva denominada reserva de estabilización de servicios de prevención, que terá como finalidade atender os posibles resultados negativos que se presenten en exercicios futuros. A contía máxima desta reserva fíxase nun 15 por 100 do importe da contraprestación económica a que se refire o artigo 11. No caso de que o resultado o fixer posible, dotaranse reservas voluntarias do servicio de prevención.

3. Cando o peche do exercicio económico amosase a existencia de resultados negativos ou a reserva de estabilización de servicios de prevención non alcanzase a contía máxima establecida, as Mutuas aplicarán para cancelar o dito resultado ou dotar ata o nivel máximo a citada reserva en primeiro lugar as reservas voluntarias do servicio de prevención, despois a de estabilización do servicio de prevención e despois o patrimonio propio ou histórico, aínda que neste caso será necesaria a adopción dun acordo en tal sentido da Xunta xeral, adoptado cos mesmos requisitos de quórum que o esixido para a modificación dos Estatutos da Mutua.

Se o anterior non fose suficiente para enxugar o déficit, terase que proceder a aprobar a correspondente contribución extraordinaria entre os empresarios que subscribisen, no exercicio que provoca a dita contribución, o concerto para a prestación das actividades e servicios recollidos neste capítulo.

Malia o establecido no parágrafo anterior, a Xunta xeral, a proposta do grupo de empresarios previstos neste artigo, poderá acordar que o cobro da contribución extraordinaria quede suspendido ata un máximo de tres anos, desde o final do exercicio en que o resultado negativo se producise, tendo en conta que os

posibles resultados positivos que se xeren durante o dito período poderán aplicarse á cancelación parcial ou total do negativo.

4. A reserva de estabilización de servizos de prevención materializarase preferentemente en bens de inmovilizado utilizados na xestión da Mutua como servizo de prevención ou en investimentos financeiros realizados con criterios de seguridade, liquidez e rendibilidade.

Os bens e dereitos que se adquiran e os rendementos que produzan incorporaranse ás reservas voluntarias do servizo de prevención en favor dos empresarios mutualistas.

Artigo 14. *Programa anual de actividades.*

As Mutuas elaborarán con referencia a cada ano natural un programa de actividades como servizo de prevención no que especificarán aquelas que prevexan desenvolver durante o período ao que se refire o indicado programa, os medios humanos e materiais que se destinen e as súas previsións sobre o seu grao de dedicación ao desenvolvemento destas, a estimación do número de empresas e de traballadores destinatarios, os recursos financeiros previstos para a cobertura económica do seu desenvolvemento e os importes estimados dos concertos, os cales estarán soportados nun estudo dos custos que servisen para determinar estes.

Disposición transitoria primeira.

1. Sen prexuízo do establecido no número 3 do artigo 10 desta Orde, as Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social poderán presentar no ano 1997, para a súa acreditación como servizos de prevención, a totalidade dos medios humanos e materiais cos que viñese desenvolvendo as súas actividades nesta materia, sen que isto xere máis imputacións de gastos que os correspondentes aos medios efectivamente utilizados e as imputacións dos cales serán anotadas en conta ata o 31 de decembro de 1998 e liquidadas antes do 31 de decembro de 1999.

2. Durante o prazo máximo dun ano a partir da data de entrada en vigor desta Orde, as Mutuas adoptarán as medidas necesarias co fin de dar axeitado cumprimento ao establecido no segundo parágrafo do artigo 10.1 desta Orde.

Disposición transitoria segunda.

As Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social que obteñan a acreditación provisional para actuaren como servizos de prevención deberán presentar no prazo dos seis meses seguintes á data desta o primeiro Programa de actividades, nos termos establecidos no artigo 14 desta Orde.

A Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social acordará a entrega, a favor das Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social que obtivesen a acreditación provisional, con cargo ao 80 por 100 de exceso de excedentes a que se refire o artigo 73 da Lei Xeral da Seguridade Social, da cantidade que resulte de aplicar 500 pesetas por cada traballador protexido pola Mutua o día derradeiro do ano 1996, para a súa aplicación á execución do proxecto que determinou a acreditación provisional para a súa actuación como Servizo de prevención, de acordo co establecido na disposición adicional décimo terceira da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Disposición transitoria terceira.

As Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social poderán seguir desenvolvendo ata o 31 de decembro de 1999, como actividades comprendidas na cobertura das contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais a que se refire o capítulo II desta Orde, recoñecementos médicos de carácter xeral sempre que se orienten á prevención das enfermidades relacionadas co traballo e cos riscos de accidentes a que poidan estar expostos os traballadores, agás aqueles a que se refire o artigo 196 da Lei Xeral da Seguridade Social e os de carácter previo á subscrición de contrato de traballo.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposición de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta Orde.

Disposición final primeira.

As Mutuas que se acrediten como servizo de prevención e que estivesen obrigadas, na súa calidade de empresas, á constitución dun servizo de prevención propio, poderán cubrir tales obrigas cos medios que se destinen ao exercicio para o que estean acreditadas.

Disposición final segunda.

Esta Orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Estado*.